



## **BANDO**

### **AXUDAS PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VIVENDAS**

D. MANUEL ANGEL OTERO LEGIDE, ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO

#### **FAI SABER:**

Que se publicou no **DOG N° 43 do 3 de marzo** a resolución do 18 de febreiro de 2022 pola que se convoca o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia. Código do procedemento: **VI406E**.

Bases publicadas no BOE do 6 de outubro do 2021; Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro.

#### **BENEFICIARIOS:**

**Persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias de vivendas** unifamiliares ou pertencentes a edificios plurifamiliares que constitúan o domicilio habitual e permanente no momento da solicitude da axuda.

#### **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES:**

As que se realicen nas vivendas nas que se acada unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración de, polo menos, o 7% ou unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable de, polo menos, un 30%.

As actuacións de modificación ou substitución de elementos construtivos da envolvente térmica e de permeabilidade do aire, cando proceda, que se adecúen ao documento básico de aforro de enerxía do Código Técnico da edificación. (Precisase un certificado de eficiencia enerxética da vivenda suscrito por técnico competente.)

As actuacións non poderán estar iniciadas antes do 1 de febreiro de 2020 nin estar finalizadas no momento da presentación da solicitude.

#### **CONTÍA DAS AXUDAS:**

A contía máxima de subvención será do **40% do custo subvencionable**, cun límite de **3.000€**.

O custo mínimo da actuación terá que ser igual ou superior a 1.000€ por vivenda

#### **PRAZO DE SOLICITUDE:**

**O prazo para solicitar as axudas remata o día 14 de outubro de 2022.**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos incluído o sistema de usuario e Chave 365. Outorgaranse tendo en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes no rexistro.

Para calquera información: Oficina Municipal de Rehabilitación. Teléfonos 982521402-982524003.

O que se fai saber para xeral coñecemento, en Mondoñedo, na data da sinatura dixital a súa marxe.





**CONCELLO DE MONDOÑEDO**

O Alcalde en funcións do Excmo. Concello de Mondoñedo Don Manuel Angel Otero Legide



Cod. Validación: 3NF-5ZLGRQ69CYC4T639C4RGCH | Corrección: <https://mondoñedo.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2